


ACTIVIDADE DE EXPRESIÓN ORAL PARA O 3º TRIMESTRE

É TEMPO DE REGUEIFA!



1. Esta actividade farase en **parellas** ou ben en **tríos**.

2. Neste traballo teredes que **regueifar** sobre un **tema libre** durante un **máximo de tres minutos**, é preciso que **cada membro** da parella ou trío elabore, **polo menos, 2 coplas**.

3. Sobre o **tema**:

- Pensade nalgunha cuestión que cree unha dialéctica (enfrentamento verbal) entre vós: tema de actualidade xeral, asuntos relacionados coa vosa vila...

4. Sobre a **forma**:

Aínda que xa tivestes un obradoiro de regueifas, lembremos algunhas cuestións para a súa elaboración:

- A regueifa é unha estrofa de 4 versos octosílabos, riman os pares (en asonante ou consonante) e quedan libres os impares.

- A copla debe adaptarse a unha melodía concreta, déixovos o enlace dun vídeo dun obradoiro de regueifas no que vos ides poder familiarizar coa música:

<https://youtu.be/TxHPZyUWYrc>

- **Consello**: pensade nas vosas coplas tomando como referencia a melodía, logo revisade ben a forma e rectificade o que for preciso tendo en conta o seguinte:

- o Podedes realizar ou non sinalefas, segundo conveña.
- o No cómputo silábico, coma sempre, as agudas suman unha sílaba e as esdrúxulas réstana.
- o Os monosílabos e os “e” epentéticos (engadidos ao final de palabra) pódenvos ser de moita axuda á hora de crear a copla. Fixádevos no exemplo:

*Ai, alumnas e alumnos
Agora toca cantare
Xa conto coas vosas queixas
Mais confío na vontade*

5. **Presentación** da actividade: compartiredes comigo (mavipujoal@gmail.com) por **Drive** un **vídeo** regueifando e tendes ata o día **22 de maio** para facerme chegar.

6. **Valoración** da actividade:

- Non se valorará ningún traballo no que se transmitan imaxes ou mensaxes violentas, ofensivas e/ou discriminatorias.

- Teranse en conta os seguintes aspectos:

- o A orixinalidade.
- o A adaptación ao tempo.
- o A calidade lingüística (importancia do emprego da fala propia, pero libre de castelanismos).
- o O respecto pola finalidade (sátira, crítica, humor) e a forma da regueifa (adaptación ás súas características).
- o A posta en escena dos membros da parella ou do trío.